



PLAN DIXITAL

CEIP LABARTA POSE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro: CEIP LABARTA POSE

Código do Centro: 15019086

Enderezo: Rúa Mestre Platas, s/n

Teléfono/fax: 881960044 / 881960045

Correo E: ceip.labarta.pose@edu.xunta.es

Páxina web:<http://centros.edu.xunta.es/ceiplabartapose>

Localidade: Baio

Concello: Zas

Provincia: A Coruña

Unidades en funcionamento : 3 unidades de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria.

Postos de traballo

| | EI | EP | FF | FI | EF | MU | PT | ALC | D.O.C | Relixión |
|-----------|----|----|----|----|----|----|----|-----|-------|----------|
| Catálogo | 4 | 5 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Funcionan | 4 | 6 | 0 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

NOTA: A orientadora comparte centro co CEIP Pepe Xan Baña de Santa Comba

Agrupamento do alumando

| Grupo | EI 3 | EI 4 | EI 5 | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|-------|------|------|------|----|----|----|----|----|----|
| Nº | 13 | 22 | 13 | 18 | 19 | 19 | 19 | 16 | 14 |

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Labarta Pose está situado na localidade de Baio, do Concello de Zas, na comarca de Soneira (A Coruña). Esta localidade ten a particularidade de atoparse dividida polo Río Grande en dúas partes, unha pertencente a Zas e outra a Vimianzo.

O concello de Zas está situado na zona central da Costa da Morte e linda cos municipios de Cabana de Bergantiños ao norte; Coristanco e Santa Comba ao leste; Mazaricos ao sur e Vimianzo e Laxe ao oeste. Isto fai que teñamos alumnado pertencente ao concello de Zas, de Cabana de Bergantiños e tamén de Laxe principalmente.

É un territorio de forma moi alongada na dirección norte-sur. Conta cun total de 16 parroquias e con tres núcleos urbanos destacados, que son Baio, Zas e Brandomil.

É un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que tamén hai unha poboación adicada á industria, ao comercio e á hostalaría, concentrada, sobre todo, en Baio. A capital municipal é a vila de Zas, situada a 9 quilómetros de Baio

Nas últimas décadas, Baio converteuse na localidade con maior desenvolvemento socioeconómico do Concello. Agás neste núcleo, na zona de influencia do colexio a poboación distribúese proporcionalmente por todo o territorio, presentando un tipo de poboamento espallado e polinuclear agrupado en núcleos menores de 100 habitantes na meirande parte.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa...

O centro participa no Proxecto Abalar e no proxecto E-Dixgal sendo un centro pioneiro neste eido e participando nas primeiras fases de cada un deles. Este dato danos información sobre a importancia que teñen as TIC's no noso proxecto educativo e sobre o compromiso de converter as aulas ordinarias en aulas dixitais.

Así mesmo o centro participa en proxectos como Voz Natura, Plambe, Biblioteca Creativa, Radio na escola... no que o uso das novas tecnoloxías, aplicacións, medios de difusión tales como blogs, podscats... é fundamental.

Este PD contribuirá a acadar aqueles obxectivos ou intencións propostos no Proxecto Educativo.

Obxectivos:

- Somos conscientes da fenda dixital da zona rural onde vivimos, e pretendemos que o noso alumnado teña as mesmas oportunidades que o resto do alumnado, xa que como reza o noso proxecto educativo a educación debe ser un elemento compensador das desigualdades e das carencias do entorno
- Así mesmo pretendemos optimizar todos os recursos dos que dispoñemos e fomentar o uso das TIC's en actividades propias do E-A: avaliación, metodoloxía por proxectos...
- Seguir empregando as TIC's como canle de comunicación entre toda a comunidade educativa...

Tendo todo isto en conta na PXA do vindeiro curso teranse que recoller as aportacións e actividades que se levarán a cabo no PD para o curso 2022/23.

1.3 Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de

Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento

das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de

Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento

dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación

Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4 Proceso de elaboración

No centro contamos cunha coordinadora TIC que a súa vez é coordinadora Abalar, E-Dixgal e coordinadora do P. D

Así mesmo contamos cun coordinador do PFPP encargado do itinerario Actualización do Plan Dixital..

A partires destas dúas figuras e traballando de xeito coordinado coa figura mentor da zona, para o desenvolvemento deste P.D formamos un grupo de traballo que se modificará a principios do curso que vén para levar a cabo todas as tarefas propostas.

Durante o primeiro trimestre empregamos a ferramenta SELFIE para realizar unha avaliación inicial de certos aspectos tecnolóxicos do centro.

Durante o segundo trimestre o profesorado do centro participou no Test CDD, do que obtivemos os resultados que se adxuntarán nos seguintes apartados.

Sumados estes datos aos obtidoa na avaliación inicial reflectida no SELFIE, elaboramos o DAFO ,para en base a el ,establecer o noso plan de acción, xa no terceiro trimestre, e despois de recibir 2 sesións de formación.

Para rematar redactando o presente Plan Dixital, documento vivo que pode sufrir modificacións ao longo do vindeiro curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

:

O centro dispón de conexión á Interent cableada e sen fíos.

Os termináis da rede Administrativa(Equipo Directivo e Biblioteca) e sala de mestres conéctanse á Internet por cable cunha cobertura 4G e chegando aso 100 Mb/s.

Durante estes cursos experimentamos unha mellora neste eide, xa que se comezou a implantar a fibra.

Doutra banda os termináis empregados polo profesorado e polos mestres conéctanse á Internet pola rede sen fíos maioritariamente conectándose á rede edu.xunta ou abalar.

Presenta algún problema cando hai moitos terminais funcionando á vez, e sobre todos se estes terminais son os netbooks Abalar ou os máis vellos e/ou desactualizados.

Todas as aulas contan con portátil e EDI ou que se pode converter en dixital cun dispositivo E- Beam.

Así mesmo contamos con 8 netbooks Abalar nas aulas de 1º e 2º para o traballo por proxectos; 19 netbooks Abalar nas aulas de 3º e 4º para todo o alumnado; e 5º e 6º que contan cos convertibles E- Dixgal para todo o alumnado.

O alumnado ademáis dispón dunha aula TIC con 17 ordenadores, algún deles con conexión cableada.

Todo o profesorado conta cun portátil do centro ou ten acceso a el.

Así mesmo nas aulas de Infantil cóntase cun recuncho TIC cun ordenador de sobremesa e nas aulas de P.T, Orientación e titoría 9.

O centro emprega a páxina web para difundir documentos do centro e as actividades realizadas polo alumnado.

Empregamos a aula virtual durante estes cursos de ensino mixto para facer chegar ao alumnado e as familias, as tarefas, contidos e os protocolos/modos de comunicación (Webex)...

Empregamos tamén Agueiro como blog.

A canle de comunicación coas familias para notificacións, avisos é o Abalarmóbil, co que as familias xa están familiarizados, sen menosprezar o uso da axenda, correo electrónico ou contacto telefónico.

As incidencias informáticas son solventadas na medida do posible, pola coordinadora ou profesorado disponible, que non sempre ten o tempo ou os coñecementos necesarios para solventalos.

Para as incidencias nas aulas de 5º e 6º poñémonos en contacto co Servizo Premium para o resto das incidencias UAC, coordinador Abalar de zona ou un servizo técnico particular.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|--------------------------------|-------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo | 3.7 | | | | |
| | Profesorado | 3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo | 3.6 | | | | |
| | Profesorado | 2.8 | | | | |
| | Alumnado | 3.8 | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo | 4 | | | | |
| | Profesorado | 3.4 | | | | |
| | Alumnado | 4.5 | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional | Equipo | 3.8 | | | | |
| | Profesorado | 3.8 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo | 3.8 | | | | |
| | Profesorado | 3.9 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| F- Pedagogía: | Equipo | 4 | | | | |

| | | | | | | |
|---|-------------|-----|--|--|--|--|
| Implementación na aula | Profesorado | 3.2 | | | | |
| | Alumnado | 3.5 | | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo | 3.1 | | | | |
| | Profesorado | 3 | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Alumnado | | | | | |
| | Equipo | 3 | | | | |
| | Profesorado | 3.3 | | | | |
| | Alumnado | 3.7 | | | | |

Trala realización do test CDD que avalía a competencia dixital do docente, extraemos a seguinte información relevante:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | <u>11</u> | <u>14</u> | <u>78.6%</u> |
| PROVISIONAL | <u>0</u> | <u>1</u> | <u>0%</u> |
| INTERINO | <u>1</u> | <u>2</u> | <u>50%</u> |
| SUBSTITUTO | <u>1</u> | <u>2</u> | <u>50%</u> |
| DESPRAZADO | | | |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|-------------------------|---|---------------------------------|
| 70.1 | <u>INTEGRADOR/A B.1</u> | 76.4 | <u>INTEGRADOR/A B.1</u> |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Inf. | <u>54.8</u> | <u>A2</u> | 68.2 | <u>B1</u> |
| Prim. | <u>69.4</u> | <u>B1</u> | 77 | <u>B1</u> |
| | | | | |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | | |
| A2 | <u>5</u> | <u>35.7%</u> |
| B1 | <u>8</u> | <u>57.1%</u> |
| B2 | <u>1</u> | <u>7.1%</u> |
| C1 | | |
| C2 | | |
| TOTAL | <u>14</u> | <u>99.9%</u> |

2.3. Análise DAFO

Unha vez analizada a información relevante do SELFIE (queremos deixar consciencia que o planteamento das preguntas pode levar a equívocos e resulta moitas veces complicada de analizar) e do test CDD elaboramos o documento que nos serve como punto de partida para o plantexamento dos nosos obxectivos.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO | <p>No noso centro hai dispositivos dixitais que poden utilizar no meu traballo como docente (C2)</p> <p>O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe (C3)</p> <p>No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise (C8)</p> <p>O noso centro acadou resultados óptimos no TCD.</p> <p>O noso centro conta coa infraestrutura Abalar e Edixgal.</p> <p>O noso centro emprega ferramentas administrativas para a comunicación coas familias ou outros aspectos da vida académica tales como :Xade, Abalar móbil, Drupal ou entornos virtuais EVA.</p> | <p>C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p> <p>No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1)</p> |
| | PERSOAL DOCENTE | | B.1 No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais |

| | | |
|-------------------------------|--|--|
| PERSOAL NON DOCENTE | | |
| ALUMNADO | | <p>F4 Levo a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado (NON ESTÁN MOTIVADOS)</p> <p>F6 Fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>H7 No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais.</p> |
| FAMILIAS | | |
| OFERTA | | <p>E2 Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino</p> <p>E3 Utilizo ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | <p>A1 No centro no que traballo temos unha estratexia dixital</p> <p>A5 No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>A4 No noso centro teño tempo para explorar como mellorar o meu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B.1 No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B.4 No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>C.7 No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>D.3 Axudamos ao noso profesorado a intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>C11 No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C 12 Na nosa escola, temos un</p> |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | <p>plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>C5 A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C16 No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>O noso centro emprega ferramentas colaborativas como Agueiro...</p> |
|--|--|--|--|

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | Impartición de obradoiros de robótica durante estes últimos cursos. | A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais (C5) No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1) |
| | LEXISLACIÓN | Horas de reforzo/afondamento que se poidan adicar ás novas tecnoloxías. | No noso centro teño tempo para explorar como mellorar o meu método de ensino coas tecnoloxías dixitais (A4) |
| | CONTORNA | O centro conta coa colaboración dos coordinadores Abalar/Edixgal da zona, así como da figura do mentor. O noso centro participa de xeito anual nos PFPP incidindo no ámbito tecnolóxico. | |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | | |

3. Plan de acción

O plan está contemplado para que se implante ao longo do vindeiro curso. Cada unha das accións terá asociada un obxectivo, measurable, real planificado e axustado á realidade do noso centro.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A continuación expoñemos os obxectivos propostos con cadanseu indicador e acción. Doutra banda estes estratéxicos levan implícitos outros máis específicos:

- Recibir formación sobre a avaliación con rúbricas.
- Diseñar un itinerario informático.
- Elaborar un plan de continxencia que atenda as familias que precisen axuda ou ferramentas tecnolóxicas.
- Seleccionar equipos para desafectar.
- Diseñar actividades motivadoras para o alumnado na área de Coñecemento do Medio.

| “Área/s de mellora” (E,B): E2-B1 | | | | | | |
|--|---|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): 1 | DISEÑAR E-RUBRICAS PARA TODAS AS ÁREAS ACORDO CON A LOMLOE EN 1º- 3º - 5º | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | POR DETERMINAR | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Nº E-RUBRICAS NAS ÁREAS DE MATEMÁTICAS, LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA | | | | | |
| Valor de partida (3) | NON EXISTE | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 9 E-RÚBRICAS | | | 05/12/22 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: REUNION DO CLAUSTRO DE PROFESORES PARA ASIGNAR AS TAREFAS PARA O DESEÑO DAS RÚBRICAS | EQUIPO DIRECTIVO | 15/09/22 | CONVOCATORIA DO CLAUSTRO CCP | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: REALIZACIÓN DAS RÚBRICAS | EQUIPO DINAMIZADOR DO PDC | 20/11/22 | CURRICULO LOMLOE APP PARA DESEÑO DE RÚBRICAS TAXONOMIA DE BLOOM TITORES PORFESORES ESPECIALISTAS | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.3: CONVICATORIA DE EQUIPOS DE CICLO PARA POSIBLES MELLORAS DOS INDICADORES | EQUIPO DINAMIZADOR DO PDC | 30/11/22 | CONVOCATORIA APP PARA O DESEÑO DE RÚBRICAS TAXONOMIA DE BLOOM TITORES PROFESORES | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | ESPECIALISTAS | | | |
|---|-----------------|----------|----------------------|--|-----------|--|
| A01.4: DIFUSION DAS E-RUBRICAS POLA PÁXINA WEB | COORDINADOR TIC | 05/12/22 | PAXINA WEB DO CENTRO | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Áreas de mejora”: E2-E3 | | | | | | |
|---|--|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): 2 | ENSINAR O ALUMNADO A UTILIZAR FERRAMENTAS OFIMÁTICAS | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | GRUPO DE TRABALLO / TITORES | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | QUE % DE ALUMNADO SUPERE O TEST DE COMPETENCIA DIXITAL | | | | | |
| Valor de partida (3) | NON HAY DATOS PREVIOS | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% DE ALUMNADO QUE SUPERA O TEST | | | 30/06/23 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A02.1: DESEÑAR UNHA UNIDADE DIDÁCTICA PARA O USO DAS FERRAMENTAS DIXITAIS | GRUPO DE DINAMIZACIÓN DO PDC | 30/09/22 | ORDENADOR CON PROCESADOR DE TEXTO TITORES | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.2: CUADRAR O HORARIO PARA QUE A AULA DE INFORMÁTICA ESTÉ LIBRE PARA TODOLOS CURSOS MÍNIMO UNHA HORA A SEMANA | EQUIPO DIRECTIVO | 03/10/22 | HORARIOS DO CURSO 22/23 ORDENADOR TITORES | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.3: DESEÑAR UN TEST DE COMPETENCIA AOS ALUMNOS PARA OBSERVAR SE SE CONSEGUIRON OS OBXECTIVOS | GRUPO DE DINAMIZACIÓN DO PDC | 25/06/23 | ORDENADORES CON CONEXION A INTERNET E OPEN OFFICE TITORRES | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA (A) | | | | | | |
|--|---|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): 3 | INFORMAR E ATENDER AS FAMILIAS DE POUCOS RECURSOS A DISPONIBILIDADE DE TECNOLOXIAS DIXITAIS NO CENTRO | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | EQUIPO DIRECTIVO | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | % DE INFORMACIÓN TRASLADADA AOS PAIS/NAIS | | | | | |
| Valor de partida (3) | NON EXISTE | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 100% DE PAIS7NAIS INFORMADOS | | | 21/06/23 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO3.1: REUNIÓN PARA INFORMAR, APARTE DA VIA ESCRITA E PÁXINA WEB DOS RECURSOS QUE TEN O CENTRO PARA AS FAMILIAS CON DIFICULTADES SOCIOECONÓMICAS DE ORDENADOR CON CONEXION A REDE | EQUIPO DIRECTIVO | 15/09/22 | CONVOCATORIA DE PAIS/NAIS (CON PUNTO DE REUNIÓN NO CENTRO) NOTA INFORMATIVA PAXINA WEB | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: FACER UNHA SOLICITUDE PARA QUE TODAS AS FAMILIAS QUE O PRECISEN POIDAN PEDIR UN ORDENADOR | EQUIPO DIRECTIVO | 30/09/22 | SOLICITUDE ESCRITA SOLICITUDE POR PAXINA WEB RESOLUCIÓN | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.3: ENTREGA DO MATERIAL SOLICITADO AS FAMILIAS | EQUIPO DIRECTIVO | 30/10/22 | ORDENADORES PORTÁTILOS CON CONEXION A INTERNET RECIBO PRÉSTAMO INVENTARIO DIXITAL | | Realizada | |

| | | | | | | |
|---|------------------|----------|--|--|--|-----------|
| | | | | | | |
| | | | | | | Aprazada |
| | | | | | | Pendente |
| A03.4: DEVOLUCIÓN DO MATERIAL DIXITAL POR PARTE DAS FAMILIAS | EQUIPO DIRECTIVO | 21/06/23 | ORDENADORES PORTÁTILES CON CONEXIÓN A INTERNET INVENTARIO DIXITAL RECIBO DE DEVOLUCIÓN | | | Realizada |
| | | | | | | Aprazada |
| | | | | | | Pendente |

| “Área/s de mellora”: F4 | | | | | | |
|--|--|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): 4 | DESEÑO DE ACTIVIDADES CON DISPOSITIVOS DE REALIDADE AUMENTADA E ROBÓTICA | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | GRUPO DINAMIZADOR DO P.D.C | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Nº DE ACTIVIDADES PARA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO | | | | | |
| Valor de partida (3) | NON EXISTE | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 4 | | | 30/04/23 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO4.1: BUSCAR OS DISPOSITIVOS NECESARIOS PARA EFECTUAR A ACTIVIDADE | GRUPO DINAMIZADOR DO P.D.C | 30/09/22 | ORDENADOR CON CONEXION A INTERNET | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: BUSQUEDA DE RECURSOS/ APLICACIÓNS / VÍDEOS ADAPTADOS PARA VR. COMPROBAR A COMPATIBILIDADE CON HARDWARE | GRUPO DINAMIZADOR DO P.D.C | 23/12/22 | ORDENADOR CON CONEXION A INTERNET. MATERIAL DE REALIDADE AUMENTADA RECURSOS ATOPADOS | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A04.3:DESEÑO DAS ACTIVIDADES PARA REALIZAR NA AULA | GRUPO DINAMIZADOR DO P.D.C | 30/03/23 | ORDENADOR CON CONEXION A INTERNET. PROCESADOR DE TEXTO MATERIAL DE REALIDADE AUMENTADA/ROBÓTICA RECURSOS ATOPADOS TITORES IMPLICADOS | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | | | | |
|---|----------------------------|----------|---|--|------------------|--|
| A04.4: POSTA EN PRÁCTICA DAS ACTIVIDADES DESEÑADAS NAS AULAS | GRUPO DINAMIZADOR DO P.D.C | 30/04/23 | ORDENADOR CON CONEXION A INTERNET. MATERIAL DE REALIDADE AUMENTADA/ROBÓTICA ACTIVIDADES TITORES IMPLICADOS | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mejora”: C8 | | | | | | |
|---|--|------------------------------|-------------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): 6 | ACTUALIZACIÓN DE EQUIPOS/HARDWARE ANTERIORES AO 2018 | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | COORDINADOR TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | % DE EQUIPOS ANTERIORES AO 2018 | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0,00% | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 100 % DOS EQUIPOS ANTERIORES AO 2018 ACUALIZADOS | | | 23/12/22 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRCIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A05.1: DETERMINAR Nº DE EQUIPOS E COMPOÑENTES HARDWARE QUE SE PODEN ACTUALIZAR (MEMORIA RAM, DISCOS SSD) | COORDINADOR TIC | 30/09/22 | INVENTARIO DE DISPOSITIVOS DIXITAIS | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.2: SOLICITAR OS COMPOÑENTES HARDWARE NECESARIOS | COORDINADOR TIC | 15/10/22 | UAC /AMTEGA | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A05.3: INSTALACIÓN DOS COMPOÑENTES | COORDINADOR TIC | 23/12/22 | SERVICIO TÉCNICO EXTERNO / UAC | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para levar a cabo as actividades propostas no noso plan de acción precisamos:

- Contar cunha aula TIC con 22 terminais actualizados e software libre para optimizar o tempo de práctica de cada un dos alumnos e alumnas. (Táboa 5 Plan de Acción).
- Nas aulas nas que contamos con netbooks precisamos un armario de carga (4) ou similar para facilitar seu cargado e a súa almacenaxe.
- Para empregar metodoloxías construtivas, traballos por proxectos... precisamos que eses convertibles funcionen correctamente, polo que precisamos que o mantemento por parte da UAC sexa eficaz e o tempo de resposta sexa moito menor.
- Precisamos un EDI para a aula de música.
- Precisamos substituír algún proxectores antigos .

4. Validación do plan

Avaliación procesual: será realizada unha vez por trimestre. Empregaremos a táboa do plan de acción para valorar o estado de cada acción.

Lembramos que o presente documento é un documento vivo que pode sufrir todas as modificacións que o grupo considere oportuno.

Avaliación final: realízase ao rematar o curso 22-23 Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Empregaremos as táboas do plan de acción.

5. Difusión do plan

Previa aprobación polo Claustro e Consello este documento será publicado na Web do centro, no apartado Documentos.